

## **NORMATIVA PROVISORIA PARA A CREACIÓN E SUPRESIÓN DE DEPARTAMENTOS**

*(Aprobada polo Consello de Goberno de 19 de xullo de 2007)*

Os departamentos da Universidade de Santiago de Compostela son, segundo a definición do artigo 52 dos seus Estatutos, “os órganos básicos encargados da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación da área ou áreas de coñecemento que o integran”. A súa importancia vén destacada tamén polo Plan Estratéxico 2010 da USC, que sitúa como primeira acción ligada ao obxectivo estratéxico 11: “Dotar aos departamentos de capacidade de xestión e organización para aproveitar o potencial investigador dos seus membros para mellorar a docencia; e garantir e incentivar o equilibrio entre produción científica e servizos de I+D nos grupos de investigación.”

A potenciación dos departamentos como órganos activamente comprometidos coa docencia e a investigación debe poñerse en relación, así mesmo, coa realidade bicampus da USC. Neste sentido, as liñas xerais da Programación Plurianual 2007-2010, aprobadas polo Claustro Universitario na súa sesión de 31 de maio de 2007, inclúen como unha das liñas de acción no eido da docencia o compromiso de avanzar na implantación dun sistema departamental propio do campus de Lugo. Debe entenderse, por tanto, que a creación de departamentos no campus lugués é unha aposta estratéxica da Universidade de Santiago de Compostela para reforzar a coordinación da docencia e a consolidación de grupos de investigación.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela dispoñen verbo da creación de departamentos o seguinte:

### *Artigo 52*

*(...)*

*2. Os departamentos constituiranse por áreas de coñecemento científico, técnico ou artístico. Neles agrúpanse docentes e investigadores correspondentes a esas áreas.*

*3. Os departamentos serán únicos por cada área ou áreas de coñecemento para toda a Universidade de Santiago de Compostela, agás que razóns derivadas da existencia de dous campus, Lugo e Santiago, ou calquera outras, aconsellen o contrario.*

*4. A Universidade de Santiago de Compostela poderá crear áreas de coñecemento propias para os efectos de constituír departamentos. O Claustro Universitario determinará regulamentariamente os criterios e requisitos para a súa creación.*

*(...)*

### *Artigo 54*

*1. A creación, modificación, supresión e a determinación do nome dos*

*departamentos corresponderalle ao Consello de Goberno.*

*2. A iniciativa para a creación dun departamento corresponderalle ao profesorado que reúna o número mínimo previsto na lexislación vixente.*

*(...)*

Por outra parte, o artigo 79 p) dos Estatutos atribúelle ao Claustro Universitario a competencia de “establecer os criterios xerais que a Universidade de Santiago de Compostela deberá ter en conta para a creación, modificación e supresión de centros e departamentos e para a súa adscrición á universidade.”. E o artigo 101 i) establece como unha das competencias das xuntas de facultade ou escola “o informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.”

A creación de departamentos foi regulada no seu día polo Real Decreto 2360/1984, do 12 de decembro, sobre departamentos universitarios, en desenvolvemento da Lei de reforma universitaria. Actualmente tanto a Lei 6/2001 de 21 de decembro de universidades (LOU) como a súa modificación Lei 4/2007 de 12 de abril introduciron importantes cambios tanto na composición dos departamentos como na súa regulación.

En particular a Lei Orgánica 4/2007 de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro, de universidades (LOU), establece no seu artigo nove o seguinte:

*1. Os departamentos son as unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar as ensinanzas de un ou varios ámbitos de coñecemento nun ou en varios centros, de acordo coa programación docente da universidade, de apoiar as actividades e iniciativas docentes e investigadoras do profesorado, e de exercer aquelas outras funcións que lle sexan determinadas polos estatutos.*

*2. A creación, modificación e supresión de departamentos lle corresponde á universidade, conforme os seus estatutos.*

Nesta materia, os cambios principais que introduciu a LOU e a súa reforma son a consideración como membros do Consello de Departamento a todos os doutores membros del, así como a equiparación co persoal de corpos docentes universitarios ao “profesorado doutor con vinculación permanente á universidade”.

Por último procede indicar que en virtude das funcións que lle atribúe a disposición adicional oitava da Lei Orgánica 4/2007 “As universidades adaptarán os seus estatutos conforme ó disposto na presente lei nun prazo máximo de tres anos. Ata tanto non se produza adaptación dos estatutos, os consellos de goberno das universidades poderán aprobar a normativa de aplicación que sexa necesaria para o cumprimento do establecido nesta lei”

Tendo en conta a normativa citada, e no marco da planificación estratéxica e plurianual da Universidade, cómpre establecer uns criterios de referencia para a solicitude, creación, e supresión de departamentos adaptados ao novo marco normativo e ás necesidades da USC.

En consecuencia, o Consello de Goberno da USC, na súa reunión de 19 de xullo de 2007, **ACORDA** aprobar a presente

## ***NORMATIVA PROVISORIA PARA A CREACIÓN E SUPRESIÓN DE DEPARTAMENTOS:***

### **Da creación de novos departamentos**

**Artigo 1.-** As solicitudes de creación dun departamento deberán presentarse asinadas por membros do persoal docente e investigador da USC que se integrarían no novo departamento, no caso de crearse.

En tanto non se modifiquen os requisitos para a constitución dun departamento, deberán presentar a solicitude un mínimo de doce profesores con vinculación permanente á universidade e con dedicación a tempo completo. En todo caso, polo menos sete destes profesores deberán ser funcionarios doutores con dedicación a tempo completo (terase en conta que aos efectos destes cómputos, dúas dedicacións a tempo parcial consideraranse equivalentes a unha a tempo completo).

A creación dun novo departamento non poderá implicar que un departamento previamente existente deixe de reunir como mínimo o número de profesores requirido para a solicitude de creación.

**Artigo 2.-** A solicitude de creación dun departamento, que será xustificada, dirixirase ao reitor e deberá contar cos informes dos departamentos e centros implicados, ademais daqueles outros informes ou documentos que se consideren útiles para a decisión. Unha vez comprobado que a solicitude reúne os requisitos necesarios, o reitor someteraa ao Consello de Goberno.

**Artigo 3.-** Na decisión sobre a solicitude de creación de departamentos, o Consello de Goberno terá en conta os seguintes criterios:

- a) Razóns derivadas da existencia de dous campus, Santiago de Compostela e Lugo, e razóns de especialización científica, técnica ou artística que aconsellen a creación. Neste sentido, valorarase especialmente a obtención dos seguintes resultados:
  - 1) Creación de departamentos con sede en centros nos que non teña sede ningún outro departamento, co fin de mellorar a vertebración docente e investigadora do centro.
  - 2) Creación de departamentos cuxo encargo docente agrupe unha parte importante da docencia de grao e posgrao nas titulacións dun centro, contribuíndo así á coordinación docente.
- b) Número de profesores doutores con vinculación permanente á universidade que soliciten a creación.
- c) No caso de que o conxunto de profesores solicitantes pertenzan a máis dunha área de coñecemento, terase en conta a afinidade das áreas de coñecemento dos solicitantes na docencia e a investigación, tomando en consideración os seguintes factores:

- 1) Pertencer a áreas que comparten a docencia ou manteñen vinculacións comúns en materias de grao en máis dun plano de estudos.
- 2) Ter desenvolvido iniciativas docentes de terceiro ciclo ou posgrao compartidas.
- 3) Ter un historial investigador compartido, a través da participación en programas de doutoramento ou proxectos de investigación comúns, ou na formación de grupos de investigación catalogados pola USC que agrupen persoal das áreas implicadas.
- 4) Ter levado a cabo outras iniciativas docentes conxuntas, como seminarios, proxectos de innovación educativa, docencia de cuarto ciclo, etc.

**Artigo 4.-** A creación dun novo departamento pola solicitude da maioría do profesorado adscrito a un campus (Santiago de Compostela ou Lugo) nunha ou varias áreas de coñecemento, implicará a integración nese departamento da totalidade do profesorado das áreas adscrito ao mesmo Campus.

**Artigo 5.-** O acordo de creación dun novo departamento deberá prever os seguintes aspectos en relación con este e cos departamentos de procedencia dos profesores que o integrarán:

- a) Denominación e sede.
- b) Estrutura administrativa e dotación de persoal, de ser o caso.
- c) Xestión económica e reparto dos créditos orzamentarios.
- d) Adscrición dos seus membros.
- e) Adscrición dos grupos de investigación.
- f) Adscrición de prazas vacantes.
- g) Adscrición de representantes electos nos órganos colexiados que corresponda.
- h) Estrutura de goberno provisoria.

## **Da supresión de departamentos**

**Artigo 6.-** Un departamento entrará en causa de supresión no caso de que non reúna o número mínimo de profesores indicados no Artigo 1 desta normativa. Neste caso, correspóndelle ao Consello de Goberno a decisión sobre a supresión, para a que se terá en consideración os informes dos departamentos e centros implicados. Así mesmo, e no caso de adoptar a supresión, o Consello de Goberno determinará, en base a criterios de afinidade científica, en que outro ou outros departamentos deberá integrarse o profesorado do departamento suprimido.

**Artigo 7.-** O acordo de supresión dun departamento adoptado polo Consello de Goberno deberá prever os seguintes aspectos en relación con este e cos departamentos de destino dos profesores que o integraban:

- a) Motivación razoada da supresión.

- b) Departamento ou departamentos ós que se adscribirán os membros do departamento suprimido, así como os grupos de investigación.
- c) Xestión económica e adscrición dos créditos orzamentarios ó novo departamento ou departamentos nos que se integren os membros do departamento suprimido.
- d) Supresión de cargos.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Correspóndelle á Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica, por delegación do reitor, a recepción das solicitudes, recompilación dos informes e demais documentación, a tramitación e a elaboración das propostas de creación e supresión a que se refiren os artigos 3 e 8 desta norma.

Tamén lle corresponde a esta Vicerreitoría, en colaboración coa Secretaría Xeral, o mantemento actualizado do censo dos departamentos e do seu persoal.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente normativa provisoria terá vixencia dende a súa aprobación polo Consello de Goberno da USC ata a entrada en vigor dos novos estatutos.